



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 18 de xuño de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18 de xuño de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 11/06/2018, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/2628

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rita Cores Osorio, Presidenta da **AAVV Agustín Romero de Cornazo** en relación con diversas obras necesarias na zona así como a solicitude de mellora de sinalización na Rúa Souto e Rúa a Veiga.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora das peticións realizadas e en relación coa mellora de sinalización acorda que se proceda a substituír o sinal vertical de ceda o paso na saída da Rúa A Veiga coa Rúa A Laxe, por un sinal de STOP e proceder ao pintado na calzada da liña de detención.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez).

PRP2018/2629

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sketch System-Digipress SL** para o subministro de material para as impresoras da Área de Comunicación, por un importe total de 2.208,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2630

Dáse conta do escrito presentado por D. Rubén Diz Piñeiro, en representación de **Comisión de Festas "O Piñeiroño"**, solicitando autorización para celebración de diversos actos os días 22, 23 e 24 de xuño.



A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda autorizar o corte da Rúa Mondariz, así como a colaboración municipal coa cesión de palco e cadro de luz, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- En canto á hora de finalización, deberán cumprir o establecido na orde de 16 de xuño de 2005 (DOGA 20.06.05) pola que se determinan os horarios de peche de espectáculos e establecementos públicos (de 3:00 a 4:00 horas).

PRP2018/2631

Dáse conta do escrito presentado por **AREVA (Alcoholicos Rehabilitados de Vilagarcía de Arousa)**, solicitando autorización para instalar unha mesa e catro cadeiras na Praza de Galicia, o día 23 de xuño, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/2632

Dáse conta do escrito presentado por D. Iván Suárez García, en representación de **Iberica de Revestimientos Grupo EMP SL**, solicitando a concesión dunha zona de carga e descarga para o establecemento situado na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 64- Baixo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda cambiar a situación da reserva de carga e descarga xeral existente, situando a mesma do vao permanente existente en Avda. Rodrigo de Mendoza nº 66 para adiante, co que se verían beneficiados os negocios da zona, incluído o do escrito de referencia.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez) e Policía Local.

PRP2018/2633

Dáse conta do escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de requirimento de emenda de non conformidades na piscina municipal de Vilagarcía de Arousa, solicitando que se envía no prazo dunha semana, as evidencias da aplicación das medidas correctoras para a emenda do incumprimento relacionado coas características do aire do interior da piscina



municipal de Fontecarmoa: nivel de humidade relativa e CO₂, conforme ao Programa de vixilancia sanitaria das piscinas. A Xunta de Goberno queda sabedora e acorda remitir copia do proxecto e Auditoría enerxética que se atopa realizado sobre os aspectos citados da piscina municipal. Así mesmo faise constar que as citadas deficiencias serán corrixidas coa execución do proxecto citado.

PRP2018/2634

Dáse conta do escrito presentado por D. Diego Doval Balsa, como Presidente da **Asociación Deportiva e Cultural Encestarias**, solicitando autorización para o uso da Praza de Galicia o Día 23 de xuño, en horario de 9:00 a 14:00 horas con motivo da clausura da Master Senior League.

Vistos os informes da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a realización da citada actividade no Parque de A Xunqueira, coa cesión dos materiais solicitados:

- 150 cadeiras e 1 carpa.
- Instalación de cadro eléctrico
- Equipo de Son.

Dar conta á Fundación de Deportes, Servizo Municipal de Obras, Servizo Municipal de Alumeado Público e Mantemento.

PRP2018/2635

Dáse conta de escritos remitidos por D. José Manuel García Freijeiro, Xefe de Servizos de **Ferrovial**, en relación con escritos de queixas remitidos, nos que indica o seguinte:

- Escrito de Dona Herminia Treviño Carregal denunciando a colocación de colectores de lixo na súa propiedade no lugar de O Vento-Gea: Informa que por parte da Empresa non se procedeu á colocación de ningún colector nin barreira para inmovilización do mesmo, levando colocados os colectores existentes máis de 18 anos nas situacións actuais.
- Escrito de D. Manuel Lorenzo Piñeiro denunciando os danos sufridos por mor da limpeza con auga na Zona TIR: Informa que habitualmente a limpeza se realiza de forma manual e mecánica con varredora, facendo meses que non se procedeu á limpeza desta zona con chorro de auga con manguera, apreciando que durante as fins de semana os locais de ocio para a limpeza da zona privada utilizan manguera con chorro de auga, baldeando cara o exterior (carril bici), incluso despois de realizada a limpeza por parte da Empresa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2636

Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre o Concello e a Sociedade Álvarez Conchado e Hijos SA para o alugueiro de parcelas da citada sociedade para aparcamento situadas en Rúa Francisco Porto Rey nº 3 e 5 e Avda. de Cambados (4 parcelas en total), cun importe de alugueiro anual de 578,1 € por cada parcela, con cargo á partida 151.200.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a sinatura do citado convenio, quedando pendente de precisar diversos extremos no contrato de alugueiro pendente de asinar.

PRP2018/2638

Dáse conta do escrito remitido por D. Miguel Dieguez Díaz, Director Territorial da Zona Noroeste da **SGAE** comunicando que o 2 de xullo do presente ano entra en vigor a Lei 10/2017 de decembro, de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, que sinala a responsabilidade solidaria do Concello se o terceiro ao cal a Administración autoriza



ou encomenda a organización dalgún espectáculo público non cumpre as súas obrigas en materia de propiedade intelectual.

Comunican así mesmo as vantaxes que ofrece o convenio que SGAE ten subscrito coa FEMP, ao que todo Concello pode adherirse.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o acordo á FEMP coa finalidade de adherirse ao citado convenio.

PRP2018/2639

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **BAYGAR SL** para subministro de cortadora de xuntas “HUSQVARNA” FS400LV con disco diamante 350 formigón – asfalto, por un importe total de 2.359,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213, para a reposición da existente no citado Servizo.

PRP2018/2640

Dáse conta do escrito presentado por **Comparte Marketing Social SL**, solicitando autorización para instalar un colector rotulado (3,5 m de ancho x 4,5 m. de alto x 2,5 m. de fondo) do 11 ao 17 de xuño, dentro da campaña de concienciación “Recicla, respira y supérate. Únete ao reto”.

Visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización para a súa colocación na Rúa Castelao, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/2641

Dáse conta da sinatura do acordo de formalización de intencións entre a Fundación dos Ferrocarriles Españoles, FSP e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a adhesión ao sistema de Centros Asociados ao programa de posta en valor do patrimonio histórico cultural ferroviario, mediante o cal o Concello irá recibindo material cedido pola Fundación para o Museo Municipal do Ferrocarril.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2642

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rosa María Gómez Cerdeira, en representación do **IES Miguel Angel González Estévez** solicitando que se proceda a sinalizar a prohibición de estacionamento no tramo da Rúa Nosa Sra. Dos Anxos que discorre entre Rosalía de Castro e a Vía do tren.



Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dun zig-zag amarelo co fin e evitar os estacionamentos na zona e facilitar as manobras para dar volta aos vehículos así como a entrada e saída en caso de emerxencia do portal do citado Centro.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez) e Policía Local.

PRP2018/2643

Vistas solicitudes de D. Juan Carlos Choren Barral, titular do establecemento “CAFE-BAR MORLA” situado na Rúa Juan García 25; D. Eduardo Lastra Gamarra, titular do establecemento “PUB GOTHAM”, situado na Rúa Méndez Núñez 20, e D. Roberto Gerpe Oliveira, titular do establecemento “PUB MACLAREN’S”, situado na Rúa Acoradoiro – Local 3, Explanada TIR, así como os informes incorporados aos expedientes emitidos pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de verán**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura/actividade coa que conta cada uns dos locais, sendo da seguinte maneira:

Nº DE EXPTE.	ESTABLECEMENTO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERA DE FESTIVOS
04/18-AMP.	CAFE BAR MORLA	JUAN CARLOS CHOREN BARRAL	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.
05/18-AMP.	PUB GOTHAM	EDUARDO LASTRA GAMARRA	2.6.4 PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.
03/18-AMP.	PUB MACLARENS	ROBERTO GERPE OLIVEIRA	2.6.4 PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.

PRP2018/2644

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Piñeiro Andujar, titular do establecemento “MIUDO”, situado en Rúa Romero Ortiz nº 37-baixo, solicitando autorización para celebrar unha actividade (Asalto Poético) ao aire libre o día 17 de xuño de 2018, en horario de 12:30 a 19:00 horas, en colaboración coa Asociación Xas, así como a colaboración municipal coa cesión dun escenario.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.



- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/2645

Dáse conta do escrito presentado por **D. Jorge Miguez Paz**, titular do establecemento denominado “CAFÉ-BAR CHIRIN JITO”, situado na Rúa A Baldosa nº 23, solicitando autorización para celebrar un concerto ao aire libre na terraza do establecemento, o día 23 de xuño, en horario de 22:00 a 01:00 horas, con motivo da noite de San Xoán.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/2646

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo Santamaría del Valle, en representación de **Asociación Cultural Variedades** solicitando autorización para a realización de concertos musicais de pequeno formato, na Rúa Méndez Núñez (Festival Variedades) promovido polos hostaleiros da citada rúa, durante os días 28 e 29 de xuño; 5, 6, 12, 19, 20, 26 e 27 de xullo, e 2 e 3 de agosto, en horario de 19:00 horas a 01:30 horas e a colaboración municipal coa cesión dun escenario, toma de corrente necesaria, mellora de iluminacións, carteis, pancartas, etc.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada para a celebración de 12 actuacións, así como a colaboración municipal na medida do posible en medios e aportación económica, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O horario será: os xoves ata as 00:00 horas e os venres ata as 01.00 horas.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2018/2647

Dáse conta do escrito presentado por **D. Martín Vázquez Blanco**, titular do establecemento denominado “BIANCO”, situado na Rúa Xoan García nº 16-Avda. A Mariña, solicitando autorización para celebrar un concerto ao aire libre na terraza do establecemento, o día 22 de xuño, en horario de 21:00 a 22:30 horas.



Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/2648

Dáse conta de informe da Policía Local en relación co tren turístico, e os feitos ocorridos os días 22 e 26 de maio:

- O día 22 de maio (Día de Santa Rita) o citado tren circulaba pola Rúa Vista Alegre onde numerosas persoas asistían aos actos de celebración de Santa Rita.
- O día 26 de maio o mesmo vehículo atropelou a Dona Rosario García Maneiro na zona do mercado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se proceda á revisión dos itinerarios autorizados para o percorrido do tren turístico.

Dar conta a Viajes Turísticos Silest, SL.

PRP2018/2651

Dáse conta de acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa Ría, de data 1 de xuño de 2018, polo que se modifican as normas de funcionamento e composición do Consello de Navegación e Porto e do Comité de Servizos Portuarios, concedendo un prazo de 10 días naturais para designar un representante do Concello no Consello de Navegación e porto, e se e o caso, no comité de Servizos Portuarios.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que o Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015 designou como representante a D. Alberto Varela Paz.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2018/2656

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, de nomeamento dun/ha Educador/a Social da Bolsa creada ao efecto, e visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda realizar dito nomeamento como funcionario/a interino/a a través da bolsa de Diplomados en Educación Social recentemente creada a tal fin a tempo completo, con cargo a posto vacante existente na RPT Municipal.

PRP2018/2666

Dáse conta do acordo do **Servizo de Emprego e Economía Social, da Secretaría Xeral de Emprego**, Concellería de Economía, Emprego e Industria, no que ordena o rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de



Galicia da modificación parcial do vixente acordo marco regulador do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/2671

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade e unha vez finalizado o prazo de inscrición para a Escola Infantil de Verán e celebrada a Comisión de Baremación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a lista de admitidos para o mes de agosto dos solicitantes por orde de entrada no Rexistro do Concello.

PRP2018/2672

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión en relación ao anticipo do 50% no 1º cuadrimestre de 2018, da cantidade total financiada en 2017 ao abeiro do disposto no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento (Plan Concertado 2018).

- 1º anticipo do 50% da transferencia finalista: 70.325,19 €.

A Xunta de Goberno queda sabedora.

PRP2018/2673

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira SL** para o servizo de autobús para o día 25 de xuño de 2018 para o traslado dos/as nenos e nenas da Escola Infantil A Galiña Azul á Granxa Escola Serantello de Cambados e regreso, por un importe de 198,00 € (IVE incluído) con cargo á partida 323.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2720

Vista a proposta da Concellería de Traballo e Benestar para levar a cabo accións que permitan a igualdade de oportunidades e conciliación da vida familiar e a laboral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do Servizo de “Conciliatardes –Tardes coa Infancia 2018/2019”, así como o prazo para a presentación de solicitudes de acceso ao servizo, do 20 de xuño ao 13 de xullo de 2018.

Emprego

PRP2018/2674

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por Dona Mercedes Quintela Viña, en representación de **Pontevictus SLU**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda **non concederlle a axuda solicitada**, por non cumprir os requisitos establecidos na base Sexta, parágrafo 3 da convocatoria, dado que segundo se desprende da documentación obrante no expediente, a traballadora contratada veu prestando servizos



interrompidamente para a empresa solicitante dende o ano 2014 mediante sucesión de contratos de distintos períodos de duración.

PRP2018/2675

Dáse conta de resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se concede ao Concello de Vilagarcía unha subvención, por importe de 125.702,33 € para a contratación por período de 7 meses, a xornada parcial do 75%, de 20 traballadores/as desempregados/as (Peóns: 10 peóns de obras e 10 peóns forestais), en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA e inscritas no SPEG como persoas demandantes non ocupadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2676

Dáse conta de resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, na que se aproba a certificación acreditativa achegada polo Concello, relativa á contratación laboral de trinta e seis traballadores/as a tempo completo por un período de 9 meses e se autoriza o pago a este Concello do importe de 159.634,86 € (50%), en concepto de aboamento do primeiro anticipo polas contratacións efectuadas ata o momento.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/2677

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación co Programa YAP do Festival Internacional de Música Clasclas, a xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Proceder á modificación á alza en 10 € da cantidade destinada a aloxamento dos alumnos YAP aprobada en Xunta de Goberno Local de data 7 de maio de 2018, sendo a cantidade correcta 2.389,50 €.

Segundo: Proceder á substitución de Pau Catalá Garrigós, trompa seleccionado inicialmente no programa YAP, por Olivier Huebschen, mantendo a axuda de 75 € de desprazamento xa autorizados no seu día.

Terceiro: Proceder ao incremento de 220 € da partida de aloxamento dos alumnos YAP do orzamento do Festival, co obxectivo de incluír na listaxe a D. Olivier Huebschen, sendo o total da partida de 2.690,50 €

(Partida orzamentaria 3261.22606).

PRP2018/2680

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente a aloxamentos con motivo do Festival Internacional de Música Clasclas a realizar nos seguintes establecementos hoteleiros, por un importe total de 9.249,25 €, con cargo á partida 3261.22606:

- Pazo O Rial SA (Hotel Castelao), por un importe total de 6.183,75 € (IVE incluído).
- Hotel Carril SL, por un importe total de 456,00 € (IVE incluído)
- Hotel Playa Compostela SL, por un importe total de 1.210,00 € (IVE incluído)
- Turismo na Vila SL (Hotel Vilagarcía) por un importe total de 1.399,50 € (IVE incluído)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2018/2684

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Simón Casal de Miguel** para a cobertura audiovisual do Festival Internacional de Música Clasclas, por un importe total de 3.465,44 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2686

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SERIGAL 4 SL** para o subministro de merchandising/publicidade do Festival Internacional de Música Clasclas, por un importe total de 956,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22602:

- 100 camisetas negras serigrafiadas diante e detrás
- 30 polos negros serigrafiados en tetilla
- 100 pulseiras identificativas serigrafiadas en dourado
- 100 lanyard serigrafiados en dourado.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2687

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o gasto para a contratación de 6 horas dun servizo de limpeza extraordinario coa Empresa Clece SA por un importe total de 125,24 € para a limpeza das instalacións do Auditorio Municipal o día 1 de xullo de 2018 con motivo do Festival Internacional de Música Clasclas, con cargo á partida 3261.22699.

Segundo: Autorizar a utilización de 38 horas da bolsa de traballo de limpeza existente coa Empresa Clece SA para realizar en diversas dependencias do Auditorio con motivo de Festival Internacional de Música Clasclas.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Normalización Lingüística

PRP2018/2702

Vista a proposta da Concellería de Cultura e Normalización Lingüística, e con motivo da exposición Os Bolechas, do 15 ao 26 de xuño na Praza da II República, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto a favor de Clece SA para un servizo de limpeza extraordinario os días 17 e 24 de maio por un importe total de 27,55 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22700.

Acórdase así mesmo a realización de servizo extraordinario de limpeza para o resto dos días con cargo á bolsa de horas existente coa Empresa Clece SA.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo



PRP2018/2700

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases que rexerán as Rutas marítimas en Galeón no verán de 2018, polo arquipélago de Cortegada, de conformidade co convenio de colaboración suscrito coa Asociación Rompetimóns de Carril.

Medio Ambiente

PRP2018/2696

Dáse conta do escrito de Augas de Galicia de requirimento complementario en relación cun vertido de augas residuais dende terra ao mar na praia de Bamio. A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acordo adoptar as medidas que procedan para a súa corrección.

PRP2018/2699

Visto o escrito de Antonio Lois Ríos Iglesias solicitando autorización para poñer música con motivo da celebración de San Xoán na Praza de Lino Salgado en Zamar, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo cesar a música no intervalo de 3 a 4 da madrugada, respectando o nivel de decibelios establecido na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/2572

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sobrino G SA** para o subministro de 250 cadeiras plegables de madeira de faia, por un importe total de 5.112,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.215. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2704

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento do gasto correspondente ao Acto Cultural “Quero ver o mar” conmemorando a Rosalía de Castro e a exposición “Rosalía e O Carril” que se celebrará o día 13 de xullo en Carril, por un importe total de 3.063,87 €, con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

Empresa/entidade	Concepto	Importe
ASOCIACIÓN CULTURAL ROMPETIMÓNS	Poema-folleto para locais de restauración. Realización de vídeo de Rosalía. Gastos dramatización “Quero ver o mar”	1.016,40 €
NAJLA EL SHAMI MARTÍNEZ	Actuación dentro do espectáculo dramático-poético-musical “Quero ver o mar”	456,61 €
FONTANES OUTEDA SL	10 paneis en cartón pluma para a exposición “Rosalía e O Carril”	700,00 €
D. CARLOS GALBÁN ZARAGOZA	Instalación e asistencia de equipo de son	459,80 €
GLOBAL SETUP SL	Aluguer de proxector e pantalla	431,06 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2706



Vista a solicitude de **d. Dositeo Amoedo Fontán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carne en Solobeira o vindeiro día 2 de agosto de 2018:

- Actuación da Asociación Cultural Coral San Pedro de Cornazo, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2707

Vista a solicitude de D. José Cao García, en representación da **Asociación de Xubilados da Casa do Mar**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carne o vindeiro día 16 de xullo:

- Actuación da Asociación coral Rosalía de Castro por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2708

Vista a solicitude de D. Iván Muñiz Rodríguez, en representación da **Asociación Sociocultural San Juan de Bamio**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de San Xoán en Bamio os días 22, 23 e 24 de xuño:

- Actuación da Asociación Cultural Os Trasnos, o día 24 de xuño, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2710

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os seguintes contratos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Mulleres Rurais de Bamio, con cargo á partida 334.62300:

Concepto	Importe	Provedor
Proxector e pantalla (incluído soporte e cableado)	1.100,00 €	DIPETRINTA, S.L.
Vitrina en luna 6 mm. De 1700 x 1000 x 400 con base en madeira, rodas, porta practicable, cinco estantes con soportes e pechadura para porta	683,65 €	CRISTALERÍA RIAS BAIXAS, SL.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2711

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os seguintes contratos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Agustín Romero, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Limpeza do centro Cultural de Cornazo de	1.798,16 € (IVE)	ANA BELÉN DÍAZ CASAL



xaneiro a xuño de 2018, dous días á semana, 2 horas diarias (incluído material)	incluído)	
---	-----------	--

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/2586

Dáse conta do informe da Secretaria Xeral en relación co vencemento do contrato de asistencia técnica para a xestión e prestación de servizos na Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación Urbana Portelo Único de Vivenda (ARI), a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á empresa Lumieira e Rehabilitación Urbana S.L. o seguinte:

- 1.- Que deixe de prestar o servizo de asistencia técnica o citado 30 de xuño de 2018, dando por finalizada nesa data a prestación.
- 2.- Que deixe libres as instalacións que ven ocupando a empresa no Recinto de Fexdega.
- 3.- Que entregue ao Concello os expedientes en papel e soporte informático tramitados ata o día 30 de xuño de 2018, especificando os trámites pendentes de realizar ata o 31 de decembro de 2018, por ser esta a data de finalización do Convenio entre o Ministerio de Fomento, IGUS e Concello.

Así mesmo faise constar no informe que , se o Concello pretende continuar coa prestación dos servizo á cidadanía, unha vez xustificada a necesidade do mesmo, podería optar por algunha destas dúas fórmulas:

- Proceder a unha nova licitación do servizo, de acordo coa Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (Art. 308 a 315 LCSP).
- Proceder á selección do persoal funcionario interino para a execución do programa de carácter temporal, (art. 10 TREBEP), sempre e cando se asine un novo convenio entre o Ministerio de Fomento, Consellería de Infraestruturas e Vivenda (IGVS) e o Concello, para as anualidades futuras, é dicir, para o ano 2019 e seguintes, e conte coa consignación orzamentaria adecuada.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/2760

Dáse conta da comunicación do acordo de cesión de créditos entre as sociedades CLECE SA en calidade de cedente e BFF Finance Iberia SAU como cesionario, de todos os dereitos de cobro das facturas que indican en relación anexa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle a BFF Finance Iberia SAU que non se pode acceder ao solicitado por estar as facturas a que se refire xa aboadas nas datas que se indican no informe da Intervención Municipal, do que se achega copia.

PRP2018/2761

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Espina & Delfín SL**, polo importe de 7.953,28 €, da factura VL 25413 (Rex. 18/3055), correspondente a obras de a"Modificación do trazado da rede xeral de abastecemento de auga en Rúa Padre Feijoo e entronques con Rúas Edelmiro Trillo e Arapiles", con cargo á partida orzamentaria 161.61900.

PRP2018/2762

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do



1 ao 31 de maio de 2018, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

PRP2018/2763

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de maio de 2018, por un importe total de 4.620,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	7	110	770,00
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	7	110	770,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	7	110	770,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	2	110	220,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	2	110	220,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	2	110	220,00
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	1	110	110,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	1	110	110,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	2	110	220,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	2	110	220,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	2	110	220,00
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	2	110	220,00
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	1	110	110,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	2	110	220,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220,00
TOTAL			4.620,00

PRP2018/2764

Vista a proposta da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **PAZ-DISMAG, SL** para o subministro de 3 calculadoras e 2 repousapés para o Departamento da Intervención Municipal, por un importe total de 350,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2018/2765

Visto o informe da Concellería de Seguridade e Tráfico, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente ó tapizado de 3 cadeiras de oficina para o Departamento da Policía Local.

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor de **D. José Ramón Baños García.**, polo importe de 101,64 € (IVE incluído), da factura N° 12 – A 18 (REX. 18/2594), con cargo á partida orzamentaria 132.22699.

PRP2018/2766

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente ó seguro de responsabilidade civil de festexos e RC atraccións e feiras para as Festas de Santa Rita 2018.

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor de **MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.** polo importe de 378,45 € (IVE incluído), da factura N° 39311790 (REX. 18/3696), con cargo á partida orzamentaria 338.22699.

PRP2018/2767

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda Dixital**, polo importe de 100,00 €, relativo á taxa por reserva do dominio público radioeléctrico polo período de 01/01/2018 a 31/12/2018, con cargo á partida orzamentaria 926.22500.

PRP2018/2768

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **D. Joaquín Lustres Carregal**, polo importe de 2.406,59 €, da factura RECT-E 14 (Rex. 18/3913), correspondente a Dirección de Execución material e coordinación de seguridade e saúde da Escola Infantil de Vilaxoán correspondente ás certificacións 2, 3, 4 e 5 (23%) , con cargo á partida orzamentaria 150.640.

PRP2018/2769

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Federación Galega de Municipios e Provincias**, polo importe de 1.576,77 €, da factura 1 247 (Rex.18/3990), correspondente a cota anual de asociado, exercicio 2018, con cargo á partida orzamentaria 943.466.

PRP2018/2770

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Coordinadora de Gestión de Ingresos SA**, polo importe de 231,34 €, da factura 415-18004 (Rex. 18/4045), correspondente a realización de traballos de colaboración pola Recadación en Executiva durante o mes de abril de 2018, con cargo á partida orzamentaria 934.22799.

PRP2018/2771

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **BAYGAR SL**, polo importe de 166,83€, da factura EMIT 18003699 (Rex. 18/4070), correspondente a aluguer de valado móbil para o



perímetro de Castro Aobre polo período de 01-05-2018 a 31-05-2018, con cargo á partida orzamentaria 150.203.

PRP2018/2772

